

PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL



C.E.I.P. O PIÑEIRIÑO
Vilagarcía de Arousa
Curso 2020-2021



PROXECTO EDUCACIÓN DIXITAL



OFRECE AOS CENTROS:

- Equipamento
- Conectividade.
- Contidos dixitais.

Contidos educativos.



Formación e Fomento da cultura dixital.

Todo o proceso está orientado a apoiar a xestión do cambio de modelo de centro educativo tradicional ao novo centro educativo dixital, fomentando o tránsito:

- Da aula de informática á **informática na aula.**
- Dos libros de texto aos **libros dixitais.**
- Da aprendizaxe pasiva á **aprendizaxe colaboradora, a investigación e a aprendizaxe activa e interactiva.**
- Do profesor que ensina informática ao profesor que usa a **informática para ensinar.**

Desta forma todos os alumnos, ao completar a súa formación, deberán posuír competencia dixital.

O proxecto Edixgal implica para o profesorado e para o alumnado:

- Un novo xeito de relacionarse.
- Un cambio do rol tradicional do profesor.
- Novas opcións á hora de programar unha clase.
- Dispoñer das fontes e recursos da Rede.
- Novas responsabilidades para o alumnado.

O proxecto Edixgal NON implica para o profesorado e para o alumnado:

- Deixar de traballar en e con papel.

O proxecto Abalar implica para as familias:

- A aceptación das normas e protocolos de uso, para o que deberedes firmar un documento de asunción de responsabilidade.
- A oportunidade de ampliar a vosa competencia dixital, acompañando aos vosos fillos e fillas neste camiño.
- A necesidade, probablemente, de establecer novas **normas na casa** en relación ao uso do portátil, os tempos, o lugar, o coidado,...
- **Servicio Premium:** As nais, pais e o alumnado deberán dirixirse a este servizo para xestionar e solucionar calquera incidente ou dúbida sobre o equipo ou o acceso e uso da Plataforma de contidos Dixitais (EVA), tanto online como offline.



881 86 99 00



604 06 78 56



suporte.premium@edu.xunta.gal

NOVIDADE 2020/2021

7. SEGURO OPCIONAL PARA O PORTÁTIL

Se o desexas, **podes contratar un seguro anual** (válido para o curso escolar 2019/2020 - dende setembro de 2019 ata agosto de 2020), que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.

O **custe anual do devandito seguro é de 49 € (I.V.E. incluído)**, e a súa contratación pode realizarse a través do Servizo Premium de Atención, Soporte e Acompañamento, realizando un pago anual mediante transferencia bancaria.

O **seguro cubre** os seguintes danos:


- **Rotura** de calquera componente do equipo (pantalla, carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores, ...).
- Rotura do cargador de alimentación.

O **seguro NON cubre** os seguintes danos:

- **Roubo, furto, extravío ou perda**, tanto do portátil, como do cargador de alimentación, ou do lápis.
- Rotura do lápis, ou da punta deste.

Que ofrece EDIXGAL?

1. Entorno virtual de aprendizaxe (EVA) que permite desenvolver todo o potencial e de soporte ao proxecto



2. Provisión de materiais dixitais.



3. Un portátil por alumno ou alumna:
O software deste ordenador é software libre, escollido polos servizos educativos, para formar parte desta maqueta.
O sistema operativo tamén está baseado en software libre.
O listado de aplicacións podedes velos na páxina da Aula Aberta Abalar.

Listaxe de Software Abalar



Acceso ao EVA:

- Modo on-line (con conectividade a internet)
- Modo off-line (sen conectividade, empregando os recursos descargadas no ultraportátil do alumno).

<https://eva.edu.xunta.gal>





**Moitas grazas
pola súa atención.**